



CONVOCATORIA PÚBLICA DE DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA FIDES-AUDIT NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1.-OBJECTO

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de dúas bolsas de apoio á implantación do Programa FIDES-AUDIT na Universidade da Coruña.

2.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar estas bolsas os licenciados en Ciencias Sociais e Xurídicas.

3.- LUGAR DE TRABALLO

O lugar de traballo será a Unidade Técnica de Calidade da Universidade da Coruña.

4.-FUNCÍONS A REALIZAR

As funcións a desenvolver polos bolseiros/as seleccionados/as, sempre baixo a titoría da Unidade Técnica de Calidade da Universidade da Coruña e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, serán as seguintes:

- Apoio á implantación de Sistemas de Garantía Interna de Calidade nos Centros. (Programa FIDES-AUDIT).

5.-CUANTÍA E DURACIÓN

A dotación de cada unha das bolsas será de 6.000 € brutos que se percibirán en pagos mensuais.

Cada bolsa terá unha duración de 6 meses, prorrogable, a contar dende o día seguinte ao do nomeamento como bolseiros/as desta convocatoria.

6.-VALORACIÓN DOS MÉRITOS E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Os criterios de selección dos bolseiros/as basearanse na adecuación do Curriculum Vitae dos candidatos ás funcións e tarefas que deberán realizar.

Valorarase:

- Expediente académico.
- Cursos de doutoramento.
- Experiencia profesional en temas de calidade.
- Cursos recibidos e impartidos en temas de calidade, especialmente orientados ás institucións universitarias.
- Estar en posesión do curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes, debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga 4), para os efectos da exención prevista na terceira fase do proceso selectivo.

A Comisión que realizará a avaliación e selección dos bolseiros/as estará integrada polo director da ACSUG e o/a responsable de calidade que a Universidade da Coruña determine.

O proceso de selección constará de tres fases de carácter eliminatorio:

- 1ª FASE: Valoración dos méritos alegados polos solicitantes, de acordo cos criterios establecidos.
- 2ª FASE: Entrevista persoal: os aspirantes que despois da valoración obteñan a puntuación máis alta, serán convocados pola Comisión de Selección, se esta o estima oportuno, a unha entrevista persoal.
- 3ª FASE: Proba de coñecemento da lingua galega (o caso de non posuir o título).

Unha vez efectuada a calificación final dos candidatos, a Comisión de Selección elevará a relación dos mesmos por orde de puntuación.

A ACSUG publicará na súa páxina web (<http://www.acsug.es>) e no seu taboleiro de anuncios a Resolución do Director da ACSUG coa designación dos/as candidatos/as seleccionados/as e unha lista de agarda para o caso de renuncia de algún deles.

Establécese un prazo de reclamacións de 10 días naturais.

7.-PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas ao Director da ACSUG, presentaranse no rexistro da ACSUG (Rúa Lamas de Abade s/n, Edificio CIFP Compostela 5ª Planta, 15702 Santiago de Compostela) ou en calquera dos previstos na Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Instancia segundo o modelo do anexo I.
- Copia compulsada do DNI ou equivalente nos estados membros da Unión Europea.
- Certificado de estudos no que consten as calificacións acadadas nas distintas materias.
- Documentación que certifique que o participante reúne os requisitos necesarios para participar na convocatoria. Dita documentación presentarase en documentos orixinais ou copias debidamente compulsadas.
- Curriculum vitae, onde constarán a titulación, cursos de especialización, cursos realizados ou impartidos, traballos realizados, idiomas, etc. e, en xeral, calquera circunstancia que poida ser considerada como mérito.
- Documentación que certifique os méritos alegados polo participante. Os méritos non acreditados documentalmente non serán tidos en conta.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria.

8.-OBRIGAS DOS BOLSEIROS E BOLSEIRAS

A aceptación das bolsas resulta incompatible coa percepción de calquera outra bolsa de natureza tanto pública coma privada.

O incumprimento das obrigas suporá a rescisión do nomeamento do bolseiro/a.

A renuncia ou rescisión do bolseiro/a, unha vez comezado o período de disfrute da mesma, suporá o nomeamento do primeiro suplente polo tempo que reste do desenvolvemento da bolsa.

9.-NATUREZA DAS BOLSAS

O nomeamento dos/as bolseiros/as non establece, en ningún caso, relación contractual, administrativa ou estatutaria coa ACSUG nin coa Universidade, nin supón compromiso posterior con ningunha das dúas institucións.

10.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS DO BOLSEIRO/A

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense a manter a total confidencialidade da actividade que se realice, así coma gardar sxiilo de tódalas cuestións e asuntos inherentes ao traballo desenvolvido.



Julio Ernesto Abalde Alonso

Director da ACSUG

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008